



## Concello de Outeiro de Rei

### SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 29 DE OUTUBRO DE 2021

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día vintenoventa de outubro de dous mil vinte e un, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín; D<sup>a</sup> Begoña Seco Varela, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao; D. Antonio López Pérez; D. Jesús Fernández García; D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo; D. Luis Varela Pérez; D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas; D. Xosé Ferreiro Fernández; D<sup>a</sup> Rita Castedo Meilán e D<sup>a</sup> María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro disculpa a ausencia da concelleira dona Elvira Lombao Vila.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

#### **1-APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS O DÍA 30 DE ABRIL DE 2020 E E 24 DE SETEMBRO DE 2021.**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros as s correspondentes ás sesións celebradas o día 30 de abril de 2020 e o 24 de setembro de 2021.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación de ditas actas.

Realizada a votación, as actas resultan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes.

#### **2-APROBACIÓN DO PLAN DE SANEAMENTO FINANCEIRO DE OUTEIRO DE REI.**

O alcalde asume a defensa da seguinte proposta de resolución:

*Vista a previsión recollida na disp. adic. 109.<sup>a</sup> da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, que permite a posibilidade de formalizar*





## Concello de Outeiro de Rei

---

*operacións de conversión de débeda a curto prazo que estean vixentes en operacións de crédito a longo prazo.*

*Visto que o concello de Outeiro de Rei ten vixente unha operación de crédito a curto prazo (doce meses), por importe de 1.200.000 euros, que foi formalizada o día 6 de novembro de 2020 coa Entidade Caixa Rural Galega, e que se prevé converter en unha operación a longo prazo.*

*Visto que a citada disp. Adic. 109ª prevé que no caso de que as entidades locais presenten remanente de tesourería negativo para gastos xerais ( unha vez atendido o saldo da conta 4131 «Acreedores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», ou aforro neto negativo ou endebedamento superior ao 75 por cento dos seus ingresos correntes liquidados no exercicio inmediato anterior nos termos definidos na disposición final trixésima primeira da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, as corporacións locais, mediante acordo dos seus respectivos Plenos, deberán aprobar un plan de saneamento financeiro ou de redución de débeda para corrixir, nun prazo máximo de cinco anos, o signo do remanente de tesourería para gastos xerais antes definido ou do aforro neto ou o volume de endebedamento, respectivamente.*

*Visto o plan de saneamento financeiro a cinco anos, redactado dacordo co disposto pola disp. adic. 109ª.*

*Vistos todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo, previo ditamen da Comisión Informativa:*

*PRIMEIRO. Aprobar o Plan de Saneamento Financeiro do Concello nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo.*

*SEGUNDO. Remitir ao órgano de tutela financeira para a súa aprobación.*

O alcalde inicia o debate expoñendo xustificando a necesidade do plan no desequilibrio temporal resultante do gran esforzo inversor levado a cabo polo concello nos últimos anos, e que se ben contou con un importante cofinanciamento de outras Administracións Públicas, tamén esixiu un financiamento con fondos propios moi sustancial, e isto nun contexto económico e de gasto público extremo coma o producido polo COVID, e mantendo unha boa calidade de servizos a custes asumibles.

Estas circunstancias conlevan a necesidade de aprobar un plan de saneamento para a posterior concertación de unha operación de crédito.





## Concello de Outeiro de Rei

---

A concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio fai uso da súa palabra dicindo que vai a votar a favor deste plan porque non queda outro remedio, xa que así o obriga a lei e a interventora municipal o recomenda pola situación en que os remanentes de tesourería deste Concello se atopan e se se queren seguir atendendo os gastos xerais.

Ao mellor se chegou a esta situación pola nefasta xestión dos cartos e unha falta de previsión nos orzamentos. Se cadra, deberíanse presentar os orzamentos no tempo e forma, así cree que estarían máis cerca da realidade e poderían adaptarse á situación económica que se lles presentase con mellor eficacia.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro manifesta que lles parece un día bastante triste. Que un Concello como Outeiro de Rei teña que levar ao Pleno un plan de saneamento do Concello parcelles lamentable. Un Concello que ingresou cantidades moi importantes por diferentes vías nos últimos anos, onde se subiron taxas de un 20%, 30% ou 40% en moitos dos seus servizos, e onde os veciños e veciñas van a pagar polo IBI unhas cantidades moi superiores ás cantidades que pagaban os anos anteriores polas fincas que teñen en núcleos rurais.

O motivo de levar ao Pleno o plan de saneamento é porque se gastou máis do que se ingresou. Lévese varios anos pedindo máis ou menos no mes de xaneiro un crédito para poder chegar ata o mes de outubro (mes onde se cobran os impostos). É unha operación normal que en moitos sitios hai que facer. Pero levábase varios anos que chega outubro e novembro e devólvese o crédito e quedase sen cartos para pagar aos acredores. Polo que estase convertindo este concello nun concello mal pagador que tarda nalgúns casos máis de un ano en pagar as facturas.

A isto hai que engadir que temos servizos básicos que son penosos, como o da auga. Estes días choveu polo que para a semana que ven verase cómo está a auga.

Se dixesen que van a pedir un crédito a quince anos e con iso van a solucionar o problema da auga o BNG votaría a favor sen dubidalo. Pero estase pedindo cartos única e exclusivamente porque se gasta máis do que se ingresa.

Pregúntase cómo se liberan a dous concelleiros e se contrata a persoal de forma masiva nalgúns departamentos si non se pode pagar aos provedores.

É moi triste escoitar “non lle quero vender ao Concello de Outeiro de Rei pero teño que facelo porque senón metome nun lío pero non quero porque tardo máis de un ano en cobrar”. É moi triste e penoso.

Dada a situación a que nos levou a Alcaldía nos últimos anos, agora non queda outro remedio.





## Concello de Outeiro de Rei

---

O BNG non vai a respaldar esa nefasta xestión económica que se está a facer no Concello de Outeiro de Rei nos últimos anos.

O alcalde resposta ao concelleiro do BNG de que non vai a avala a xestión económica xa nunca avalou nada do que se fixo neste Concello, polo que xa non se espera a súa colaboración.

A pesar de que o BNG interpreta que son os peores servizos como leva interpretando así dende fai corenta anos pero ao mesmo tempo ninguén lle fai caso porque cada día ven máis xente para Outeiro de Rei e veñense de concellos onde o BNG goberna, incluso da capital da provincia donde alí non só acumulan traballadores senón cargos de libre designación dunha cantidade sumamente importante, persoas do propio partido que meten “a dedo” mentras están gobernando.

No que din referente a subir as taxas, sempre se van adaptando aos custos. E os impostos son os máis baixos da comarca. O IVTM e o IBI en Lugo son un 30% máis elevados. Fala de Lugo porque é onde o BNG ten a responsabilidade de gobernar. E nos concellos do entorno tampouco poden ser máis baixos xa que neste concello están no mínimo.

Non pon ningúen en dúbida que se gastou máis que se ingresou, senón non sería necesario un plan de saneamento, pero está xustificado porque se fixo para dotar de servizos á cidadanía e todavía temos que mellorar e implantar máis servizos para que Outeiro de Rei siga sendo un Concello atractivo a tódolos niveis.

O IBI ao que fai referencia refírese á regularización da situación catastral de terreos que, dende o ano 1992, estaban clasificados como suelo de núcleo rural –e, polo tanto, edificable– mentres que no catastro figuraban coma suelo rústico –non edificable–. Polo tanto, os propietarios teñen que tributar en función da clasificación real do solo, tributación que aínda así será do 0,45%, fronte ao 0,67 % en Lugo a ou o 0,70%, onde goberna o BNG, que é onde deberían estar máis baratos pola concentración da poboación.

As taxas sempre van parellas aos custos dos servizos. Por exemplo o servizo de auga que ten Outeiro de Rei non o ten Lugo, xa que varias parroquias de Lugo que non teñen servizo de abastecemento de auga.

Os orzamentos si que lle gustaría que fosen máis rápidos. Seguramente os funcionarios que os teñen que elaborar, pasalles como a case todos os demais que están no límite do seu traballo. Evidentemente poderíase facer si se gastara alegremente ter máis funcionarios ou algún que está a tempo parcial estar a tempo completo, pero supón un custo máis elevado para o Concello.





## Concello de Outeiro de Rei

---

O endebedamento do Concello, a pesar do crédito anterior e este crédito, pode ser ao redor de 340 euros por habitante. E as cantidades que nos leva endebedado este Goberno de esquerdas nos últimos tres anos que leva é de 10.000 euros por habitante.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación do plan de saneamento financeiro de Outeiro de Rei.

Realizada a votación, a aprobación do plan de saneamento financeiro queda aprobado con dez votos a favor dos concelleiro do PP e da concelleira do PSdG-PSOE e con dúas abstencións dos concelleiros do BNG.

O Alcalde reiteralle as grazas á concelleira do PSdG-PSOE por votar a favor, xa que a responsabilidade demostrase cando se vota, non cando se fala.

### **3-RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN FRONTE Á APROBACIÓN DEFINITIVA DE DECLARACIÓN DE NECESIDADE DE OCUPACIÓN.**

O Alcalde da conta da seguinte proposta de resolución:

*José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expongo:*

*O Concello de Outeiro de Rei presentou varios proxectos ao abeiro do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.*

*A solicitude de subvención foi resolta mediante a resolución “por la que se estima FAVORABLEMENTE la solicitud de ayuda de AYUNTAMIENTO DE OUTEIRO DE REI, titular de CIF: P2703900G, formulada en el contexto del Real Decreto 616/2017, de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa Operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020 (B.O.E. nº 144, de 17 de junio de 2017) modificado por el Real Decreto 1516/2018, de 28 de diciembre (B.O.E. nº 314, de 29 de diciembre de 2018)”.*

*Unha das actuacións subvencionadas é a “SENDA PEATONAL Y CICLISTA DESDE EL NÚCLEO URBANO DE OUTEIRO DE REI A GUILLAR”.*

*O proxecto foi redactado por PROYESTEGAL en decembro de 2020.*





## Concello de Outeiro de Rei

---

*O obxecto do proxecto é a execución das obras de dotación de infraestruturas necesarias para o tráfico peonil no núcleo urbano de Outeiro de Rei, dando cumprimento deste xeito ás determinacións da Lei de accesibilidade de Galicia así coma aos obxectivos de redución de emisións asumido por este concello no Pacto dos Alcaldes polo clima e a enerxía.*

*Dita actuación incardínase dentro da competencia municipal recollida no artigo 25.2 LBRL, medio ambiente urbano así coma infraestructura viaria.*

*Dito proxecto non pode executarse sen ampliar a plataforma do actual vial polo que discurre de xeito paralelo, xa que non é posible mermar a largura actual sen afectar de xeito perxudicial ao tráfico de vehículos a motor.*

*O proxecto acada un investimento de 268.074,67 euros máis IVE.*

*Acreditada, polo tanto, a necesidade da expropiación para a execución do proxecto, a Xunta de Goberno, o día 22 de abril de 2021 aprobou o proxecto técnico “SENDA PEATONAL Y CICLISTA DESDE EL NÚCLEO URBANO DE OUTEIRO DE REI A GUILLAR, redactado por PROYESTEGAL en decembro de 2020, así coma a relación de bens e dereitos e expropiar e a taxación dos mesmos.*

*Asemade, aprobou provisionalmente a declaración de necesidade de ocupación da seguinte relación de bens e dereitos a expropiar contida no ANEXO*

*De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954, abríuse un prazo de información pública de quince días hábiles, durante os cales calquer persoa poderá acceder ao expediente, e aportar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros ou opoñerse, por razóns de fondo ou de forma á necesidade de ocupación ou formular alegacións aos efectos de subsanar erros na presente relación.*

*Tanto o proxecto técnico coma o proxecto de expropiación estiveron a disposición do público no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, na dirección electrónica <https://outeiroderei.sedelectronica.gal>.*

*Unha vez rematado o período de información pública, a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 18 de xuño de 2021 acordou aprobar definitivamente o proxecto técnico “SENDA PEATONAL Y CICLISTA DESDE EL NÚCLEO URBANO DE OUTEIRO DE REI A GUILLAR, redactado por PROYESTEGAL en decembro de 2020, así coma a relación de bens e dereitos e expropiar recollida no ANEXO e a súa declaración de necesidade de ocupación.*

*O día 8 de outubro publicouse no BOP a aprobación definitiva e, asemade, practicáronse*





## Concello de Outeiro de Rei

---

as notificacións aos interesados.

O día 26 de outubro de 2021, dona Ana María Flores Vigo presentou recurso de reposición fronte o acto de aprobación definitiva da declaración de necesidade de ocupación, alegando:

- A ausencia de levantamento de acta previa de ocupación, tal e coma esixe o procedemento de expropiación por vía de urxencia.
- A ausencia na relación de bens e dereitos a expropiar de determinados bens afectados, concretamente de 31 pes de piñeiros e 48 ml, de peche de pedra cunha altura media de 90cms.

Á vista de ditas alegacións cabe expoñer:

En primeiro lugar, o procedemento seguido non é o propio da tramitación urxente, motivo polo cal non se procederá á ocupación dos terreos en tanto non se fixe definitivamente o xustiprezo. Isto significa que non é necesario levantar acta previa de ocupación. Por tal motivo dito alegato debe ser desestimado.

No que atinxe aos bens a integrar na relación de bens e dereitos, recoñécese a procedencia de integrar os bens relacionados na folla de aprecio que acompaña ao seu escrito e asinada por técnico colexiado, de forma tal que procede estimar parcialmente a súa pretensión, integrando dentro da relación os 31 pes de piñeiros e 48 ml, de peche de pedra cunha altura media de 90cms e unha tajea de acceso de 4 ml de lonxitude.

Non obstante, no acto de aprobación definitiva da relación de bens e dereitos non se aproba definitivamente o xustiprezo, senón que se inicia o procedemento para a súa fixación, motivo polo cal a resolución do presente recurso non abrangue a proposta de xustiprezo que remite o interesado conxuntamente co recurso. Dita proposta será obxecto de análise na resolución que fixe definitivamente o xustiprezo expropiatorio.

Por todo o cal **PROPOÑO** a Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

**ESTIMAR** parcialmente o recurso de reposición interposto por Ana María Flores Vigo, incorporando na relación de bens e dereitos afectados correspondente á finca 75 (ref. Catastral 27039A062002400000GM), 31 pes de piñeiros e 48 ml, de peche de pedra cunha altura media de 90cms e unha tajea de acceso de 4 ml de lonxitude, coas características descritas na folla de aprecio que xunta a recurrente.

**DESESTIMAR** as restantes alegacións plantexadas polo recurrente.





## Concello de Outeiro de Rei

Sométese a votación a aprobación da resolución de recurso de reposición fronte á aprobación definitiva de declaración de necesidade de ocupación.

Realizada a votación, a aprobación da resolución queda aprobada con nove votos a favor dos concelleiros do PP e con tres abstencións dos concelleiros do BNG e máis da concelleira do PSdG-PSOE.

### **4-MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN PROTOCOLO DE USO E XESTIÓN DO CIRCUITO DE VELOCIDADE.**

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro asume a defensa da seguinte moción do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Rita Castedo Meilán, concelleiro e concelleiras do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

*MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN PROTOCOLO DE USO E XESTIÓN DO CIRCUITO DE VELOCIDADE.*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Dende a súa primeira remodelación, todo o relacionado coa xestión do antigamente chamado campo do “Telefunken”, na parroquia de Bonxe, estivo caracterizado pola polémica e a sospeita de corrupción. Dende os motivos para a construción do circuíto de karts, así como que o usaba, seguindo pola subvención para a súa iluminación, solicitada como se fora para unha pista de atletismo, ata os cartos investidos na actualidade para a construción do actual circuíto de velocidade, sempre unha sombra de corrupción e nepotismo estivo sobre estas actuacións.*

*Agora, este circuíto leva funcionando dende hai xa varios anos, tendo unha intensa actividade incluso durante a pandemia. A pesares diso, en ningún momento por parte do concello se fixo xesto algún para regular o seu uso ou “controlar” o que alí se facía, tanto no estritamente deportivo como no ámbito económico.*

*Hai uns meses, concretamente no mes de xuño, o alcalde respondeu ante unha pregunta feita polo BNG no propio pleno, que o concello levaba recadado “3.000 ou 4.000 euros” (resposta literal) pola actividade realizada no circuíto.*

*Con respecto a eses “3.000 ou 4.000 euros”, non se sabe a día de hoxe a que se deben eses ingresos, quen os pagou nin por que, nin quen os cobrou. Tamén se descoñece cando se*







## Concello de Outeiro de Rei

---

*ingresaron, en que anos e cal foi o motivo dese ingreso. Do mesmo xeito tampouco é coñecido o motivo polo que agora apareceron eses cartos e hai uns meses, cando o BNG preguntara exactamente o mesmo, non había ningún ingreso.*

*Ademais diso, ninguén coñece quen pode ou non pode ir adestrar a ese circuíto, quen o pode usar ou cal pode ser o mecanismo para poder desfrutar desa infraestrutura, para adestrar, para competir ou para calquera outro uso. O mesmo ocorre cos servizos auxiliares que alí se prestan, descoñecendo totalmente quen pode utilizar esas instalacións municipais para poñer alí o seu negocio.*

*Sexa como sexa, resulta completamente inconcibible que un ben público, feito cos cartos da cidadanía, estea en mans do capricho dunha ou dúas persoas, sen ningún tipo de control, tanto no uso deportivo como no control económico, cuestión que deixando aparte as implicacións xurídicas, non se pode tolerar nin un segundo máis.*

*Por todo isto, deixando claro que nós non somos policías, nin fiscais nin xuíces, seguindo na liña construtiva que está a caracterizar todas as propostas do BNG, dende unha total responsabilidade o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción dos seguintes ACORDOS:*

- 1. Que se elabore, coa maior urxencia posible, unha ordenanza de uso do Circuíto de Velocidade de Outeiro de Rei, paralizando o seu uso mentres esta ordenanza non entre en vigor.*
- 2. Que se elabore unha ordenanza, incluída na anterior ou independente, que controle en todos os aspectos a actividade económica que se realizan nese Circuíto de Velocidade, impedindo que se produza ningún tipo de transacción monetaria que non estea controlada polo goberno municipal, paralizando totalmente a súa actividade ata que esta ordenanza estea operativa.*
- 3. Que se constituía unha comisión de investigación constituída por representantes de todos os grupos políticos, na proporción existente no pleno, dirixida a investigar todos os movementos económicos producidos nese circuíto de velocidade de propiedade municipal dende a súa posta en funcionamento ata o día de hoxe.*

*Rematada a defensa da moción fai uso da súa palabra o Alcalde que responde que se elaborará, ca maior urxencia posible, unha ordenanza do uso do circuíto de velocidade de Outeiro de Rei.*





## Concello de Outeiro de Rei

---

Realmente xa existe unha ordenanza reguladora do prezo público das actividades deportivas e esperamos que nun prazo curto todas as infraestructuras deportivas poidan ter unha ordenanza reguladora do seu uso.

Todos os movementos económicos están controlados por traballadores deste Concello. Mentras que non haxa ordenanzas as decisións son tomadas polo Alcalde e decidindo as cantidades en función dos custos que poden ter, considerando que nalgúns casos coma o circuito pode haber un beneficio económico e outros como os campos de fútbol donde o que existe é unha carga económica. Recorda que un equipo de fútbol utiliza unha infraestructura deportiva, polo que autorízase o uso de esa instalación e ademáis outórgase unha subvención e incluso xeran unha actividade económica. A administración en sí non pode mirar soamente o beneficio económicos senón tamén os beneficios sociais. Iso non quita da necesidade de ter unha ordenanza para regular os fluxos económicos.

No punto que propoñen ter unha comisión de investigación non está de acordó, xa que sempre queren sembrar dúbida do que se fai neste Concello. Cando fixeron a pregunta na sesión de xuño de cánto se recadara non coñecía os datos exactos, pero agora sí pode dar eses datos con exactitude: no primeiro semestre do ano 2020 ingresouse 1.040 euros e participaron ao redor de 103 persoas e no segundo semestre ingresouse 2.980 euros e participaron foi similar a do primeiro semestre.

As persoas que son de fóra de Outeiro de Rei e veñen as fins de semana para rodar en kart ou moto pagan 20 euros e os que son de Outeiro de Rei non pagan nada. Hai outra serie de actividades que se fan no circuito de velocidade que non teñen ningunha aportación económica.

O alcalde remata afirmando que, como en algúns casos puntos da moción non están de acordó, non van a poder aprobar esa moción.

A concelleira do PSDG-PSOE, dona María del Carmen Acacio intervén dicindo que a construción do circuito na súa orixe non parece axeitada para un Concello que presume de bandeira verde dende fai pouco máis de unha semana. Todos os veciños e veciñas saben que se están a construír diferentes sendas para promover unha vida non sedentaria mediante o uso de bicicleta ou para camiñar. É totalmente contradictorio que ao tempo diferentes persoas se reúnan, incluso en momentos de restricións sanitarias, nese circuito para dar uso a uns vehículos que contaminan tanto acústicamente como cos gases da súa combustión. Incluso o Concello chega a facer ofertas nas actividades culturais e deportivas do inverno, no apartado de deportes, de cursos que serán impartidos alí durante as fins de semana. É paradóxico un Outeiro verde por unha banda e por outra un circuito contaminante.





## Concello de Outeiro de Rei

---

Pero dado que agora está construído e se fai uso del, por suposto que é rigor que se elabore unha ordenanza á que se deberá ater toda persoa que practique alí ese tipo de deporte ou que acuda a xornadas educativas que alí se imparten. Pensa tamén que deben recoller nesas normas o uso que se fai tanto dentro como fora dese circuito, xa que a veciñanza que vive preto de alí necesita descansar durante as fins de semana e o ruído que provoca o uso das motos en moitas ocasións é insoportable.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro di que tódalas actividades que mencionou o alcalde que se levan a cabo no circuito non fan máis que ratificar a necesidade imperiosa de aprobar normas de control do seu uso. O uso dun ben público non pode estar a espensas que unha persoa polo seu capricho poida decidir quen pode úsalo e a qué prezo. Ten que haber unha norma elaborada previamente para que unha persoa de Outeiro ou de fora de Outeiro saiba en calquer momento se ten dereito ou non a usar ese ben municipal e canto vai a costar o seu uso.

Por outra banda, o prezo ten que estar establecido pero non só o prezo polo uso. Se se quere vender algo nun terreo municipal ten que haber unha adjudicación municipal, e nese circuito non só houbo actividade deportiva, houbo tenderetes (sen menospreciar a palabra). Saíu na prensa unha foto onde aparecían políticos inaugurando e un bar por detrás funcionando. Quen adjudicou iso, quen atende ese bar, eses ingresos que se xeneraron nas tendas ou no bar para donde van. É imprescindible saber quen cobrou, canto cobrou, cando cobrou, cando ingresou no Concello, cando aparece unhas actas do Concello.

O BNG fai unha semana pediu esa documentación polo que espera que nos próximos días a faciliten para poder aclarar ditas cuestións, e considera que deberíase paralizar a actividade mentras non se elabore a ordenanza, que cando se quere faise con rapidez.

Seguen mantendo a moción e se a documentación que se aporte aclaran esas dúbidas.

O alcalde resposta ao concelleiro do BNG que calquer autorización que se outorga para o uso desa infraestrutura deportiva ou de calquer outra a outorga o alcalde, que é o máximo responsable deste Concello. Evidentemente si que se coincide en que se faga unha ordenanza o antes posible para esa e para todas as infraestruturas.

O Alcade pídelle ao secretario que formule o antes posible ordenanzas para todas as instalacións con criterios racionais. Non lles vai a pedir aos funcionarios que deixen todo o demáis e se poñan con isto. Vaise a elaborar co tempo que leve.





## Concello de Outeiro de Rei

---

Acaba de expoñerse o que se fai nesa infraestrutura, o que se cobra, como se cobra, porque se cobra e a quen se lle cobra para que quede claro ante toda a sociedade. E terán esa documentación nuns días.

Sendo deputado provincial fai poucos días a dous compañeiros seus que pediron acceso a dous locais da Deputación e non se lles permitiu nin entrar a velos. Aquí en Outeiro de Rei iso non sucede e non vai a suceder mentras estea de Alcalde.

A concelleira de deportes, dona Pilar Méndez intervén recriminando ao BNG que sempre están a contar verdades a medias para xerar dúbidas e desconfianza. Dende o servizo de deportes se está a traballar a reo para dar un bo servizo á cidadanía e, por suposto, sen lucro persoal algún. Engade que os concelleiros do BNG deberían estar orgullosos de ter un circuito deportivo coma o que temos. E por último, aclara que o tema dos decibelios en todas as rodadas e competicións se toma mostra e as motos teñen que traer os silenciadores permitidos.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro intervén dicindo que non ten ningunha dúbida do que pasa e está seguro delo. Soamente plantexa certas cuestións políticas e invita a que cada un saque as súas conclusións. Agora córrelles presa redactar unha ordenanza pero a finais da legislatura pasada o BNG xa trouxo unha proposta para que se fixera unha ordenanza para o uso dos locais deportivos e o PP votou en contra. Agora ractifican e parecelle lóxico.

Reamtdo o debate sométese a votación da moción do BNG relativa á elaboración dun protocolo de uso e xestión do circuito de velocidade.

Realizada a votación, a moción queda rexeitada con tres votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do BNG e máis da concelleira do PSdG-PSOE e con nove votos en contra da aprobación pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

### 5-ROGOS E PREGUNTAS

A instancias do Alcalde, o Secretario dá lectura, en viva voz, do seguinte escrito presentado polo grupo municipal do BNG:

*Rita Castedo Meilán, Elvira Lombao Vila e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiras e concelleiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alcaldía o seguinte ROGO*





## Concello de Outeiro de Rei

*RELATIVO Á ELIMINACIÓN DO COBRO DA TAXA DE 100 EUROS POR FOTOCOPIAS QUE SE LLE REMITIU VECIÑANZA DE GAIOSO POLA COMUNICACIÓN SOBRE A LIMPEZA DE FINCAS*

### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Hai uns días, unha parte da veciñanza da parroquia de Gaioso recibiron unha comunicación do concello onde se lles dicía que tiñan que proceder á limpeza de distintas parcelas da súa propiedade situadas nunha determinada zona da parroquia.*

*Ao mesmo tempo, nesta comunicación tamén se lles anunciaba a intención do concello de cobrarlles unha taxa de 100 euros por facer as fotocopias e polos trámites da comunicación.*

*Dende o BNG nada temos que dicir sobre a obriga de limpeza das fincas que están preto de vivendas ou nos núcleos rurais, cuestión que sabemos que hai que facer porque así o di a lei e, ademais, por propia responsabilidade.*

*Outra cuestión distinta é que houbera persoas propietarias que recibiran cartas do concello aínda que as súas parcelas estiveran plantadas con frondosas pertencentes a especies autóctonas e sen ningún tipo de necesidade de limpeza, pola propia natureza da plantación ou, o que é aínda máis grave, que o concello lles tente cobrar 100 euros polas fotocopias do expediente e polas comunicacións.*

*Dende o BNG de Outeiro consideramos o cobro da taxa dos 100 euros como totalmente inaceptable, por sectoria a súa aplicación e inxusto o seu cobro. A cidadanía paga impostos e taxas dabondo neste concello para que, a maiores diso, se lle cobre polas xestións, comunicacións ou trámites que a veciñanza precise. Neste caso concreto, as veciñas e veciños de Gaioso ningunha culpa teñen dos excesos, despilfarro e mala xestión económica que esta a levar a cabo o alcalde nos últimos tempos, non tendo que pagar eles as consecuencias con pagos totalmente inxustos e indiscriminados.*

*Non é de recibo nin xusto que se poida utilizar unha norma elaborada pola Xunta de Galicia para que “baixo o seu paraugas”, dende o concello se disimule ou se tape unha clara intencionalidade recadadora, dirixida a intentar paliar e agochar o desastre económico existente no concello de Outeiro de Rei neste momento.*

*É por todo iso, polo que dende o Grupo do BNG no concello de Outeiro facemos o seguinte ROGO:*





## Concello de Outeiro de Rei

- *Que se comunique a todas as persoas afectadas que o concello, de oficio, vai eximir do pago dos 100 euros que se lles esixía na comunicación que se lles fixo con anterioridade.*
- *Que se investigue que fincas son as que realmente hai que limpar, eximindo de oficio a aqueles propietarios que teñen as súa parcelas nas condicións que a lei esixe de calquera trámite ou alegación a maiores, polas molestias e gastos que isto ocasiona a estas persoas.*
- *Que se proceda a devolver as cantidades cobradas á aquelas persoas que xa pagaran a taxa por fotocopias que o concello lles reclamaba.*
- *Que, de existir, se estude a ordenanza que o concello di que lles aplica, para reformala nos puntos que sexa necesario para evitar que se poidan volver a producir no futuro abusos desta natureza”*

O Alcalde di que na sesión de outubro de 2020 aprobouse por unanimidade unha ordenanza onde se establece a taxa pola tramitación de expedientes de xestión da biomasa, e agora o BNG ven con isto. Recoñece ao concelleiro do BNG que está no seu dereito de mentir, traxiversar e de dicir que se xira a taxa pola expedición de fotocopias cando non é verdade, xa que sabe perfectamente que é pola tramitación de expediente de xestión da biomasa. É agora veñen a dicir que aos veciños de Gaioso ou a outros se lles exima desa taxa. Buscan o enfrontamento e a ver se con isto sacan algún rédito político.

Presentáronse denuncias por incumprimento da lexislación de prevención e defensa contra os incendios forestais e uns veciños que non xestionaron a biomasa coma esixe unha Lei que data do ano 2007 e que coñecen perfectamente xa que no mesmo ano enviouse a cada parroquia un plano para que tiveran e coñeceran quen es tiñan que xestionar a biomasa.

Cada ano tramítanse ao redor de oitenta ou cen denuncias por xestión da biomasa en núcleos rurais. Se ven unha denuncia masiva nunha parroquia hai que tramitala, non queda outra.

O Alcalde xa tivo unha reunión en Gaioso cos veciños afectados. Gustaríalle que ninguén fose perxudicado, pero se deben cumprir a normativa polo ben de todos.

Non se lles vai a eximir do pago da taxa porque o descoñecemento da lei non exime a ninguén de cumprila.

Queren terxiversar se hai fincas que están limpas. Cando unha finca está limpa si se presenta unha denuncia hai que tramitala, e si o propietario alega que a parcela está limpa faise a





## Concello de Outeiro de Rei

---

comprobación e, de ser así, quedaría sen efecto a liquidación da taxa. E ademáis cando un propietario ten varias fincas soamente pagaría unha taxa pola totalidade das fincas, nón unha taxa por finca.

Cando unha persoa non xestiona a biomasa e ten un incendio preto da vivenda arrepítese de non haber xestionado debidamente a biomasa da parcela.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e dezaseis minutos da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do sr. Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde

